

FICHA DE INSCRIPCIÓN E AUTORIZACIÓN

- MARCHA COHORS PEDITATA “OS TRESCENTVM DE ASSECONIA”
 CONCURSO DE DISFRACE NA REDE
- Categoría familiar
 infantil

DATOS PERSOAIS DO PARTICIPANTE

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Enderezo:

Tlf de contacto:

Tlf. de contacto:

Correo Electrónico *opcional*

AUTORIZACIÓN para a participación e uso da imaxe nas redes

Eu,co DNI.....

Como pai/nai/titor/a de

autorizo a difundir a miña imaxe ou a da persoa á que represento, nas distintas Redes

Sociais dos Centros Socioculturais, como participante na “Marcha dos Trescentvm de Asseconia” e/ou no “Concurso de Disfrace na Rede”.

Santiago de Compostela,de.....de 2022
Sinatura

A participación nesta actividade implica que autorizo ao Concello de Santiago ao uso das fotografías ou vídeos realizados, estas imaxes poderán ser utilizadas para:

- A realización dun álbum de recordo.
- Nos Facebook dos Centros Socioculturais .
- Na páxina web dos Centros Socioculturais, así como folletos ou calquera outro soporte físico ou audiovisual co obxecto de publicidade corporativa.

NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personales e garantía dos dereitos dixitais, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Concello de Santiago con fins informativos, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.

INFORMACIÓN XERAL DA ACTIVIDADE

MARCHA DOS TRESCENTVM DE ASSECONIA:

O vindeiro martes 1 de marzo a Rede de Centros Socioculturais de Santiago, sairá, un ano máis, a correr o Entroido, animando a participación a todos aqueles que o desexen.

Seguimos nun momento moi complicado polo que sempre teremos presentes as medidas sanitarias oportunas e contamos co bo facer dos nosos participantes!!.

Este ano o disfrace escollido é de ROMANOS, co que ademais de celebrar o Entroido queremos dar a coñecer un pouco máis as orixes Romanas de Compostela.

Se finalmente non hai comparsa Municipal, os CSC imos realizar unha quedada para acudir xuntos en marcha á posible localización do asentamento romano en Santiago, a praza da Quintana.

Para a elaboración do disfrace consulta horas e días no teu CSC, tamén o material que precisarás!!

Unha vez confirmes a participación na comparsa o Dpto. De Centros Socioculturais, facilitará un kit para elaborar na casa un elemento do disfrace.

Ademais realizaremos unhas titorías cos que poderás realizar o disfrace na casa. Como sempre, teremos uns elementos comúns que poderás complementar, a maiores, con outros que máis che gusten.

Para a marcha ou comparsa teredes que traer o voso disfrace de TRESCENTVM DE ASSECONIA elaborado nos CSC ou seguindo as nosas indicacións, pero este ano tamén poderedes acudir co voso disfrace de Romano e acompañarnos no percorrido, o que máis vos guste!

Si por algún motivo despois de todo non puideras participar, gustaríanos que nos avisarades canto antes.

CONCURSO DE DISFRACE NA REDE:

Dúas categorías:

- Mellor disfrace familiar
- Mellor disfrace infantil
-

As persoas participantes deberán enviar as fotos ao correo ccpreinscricions@santiagodecompostela.gal engadindo no asunto concurso comparsa na rede. Deberase enviar a ficha de inscricións debidamente cumprimentada, ademais no corpo do correo indicar a categoría á que se presentan, nome e apelidos da persoa ou persoas participantes e un teléfono de contacto.

As imaxes serán publicadas na páxina de Facebook rede de centros socioculturais co cancelo [#NoEntroidoPretodeTI](#) [#CentrosSocioculturaisPretodeTI](#)

A dinámica do concurso é moi sinxela. Elixirase mellor disfrace ao que leve máis “me gusta” “me encanta” na fotografía que estará colgada na páxina Facebook da rede de centros socioculturais.

A temática do disfrace será libre. Haberá algunha sorpresiña para as persoas gañadoras.

Enchamos as redes de cor e diversión!!

Importante: Enviar foto do 12 ao 26 de febreiro
Data límite para votar martes 1 de marzo ata ás 23.59 h